

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**ASUNTO: APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS DO CONCURSO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS EXISTENTES NOS PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES PÚBLICAS MUNICIPAIS DA CIDADE DE LUGO. -----**

-----

Sendo as 13:00 horas do día 4 de febreiro de 2009, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego e actuando como vocais don Lino José González-Dopeso, Concelleiro delegado da Área de Medio Ambiente e Zona Rural, dona Alicia Peña, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Paz Abraira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana Isabel Sáñez Mancebo, titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Municipal, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación. Asiste ó acto de apertura dona Ana Tabarés Martínez, técnico do servizo de Contratación.

Abre a sesión a Sra Presidenta, informando que tódalas empresas presentadas foron admitidas a licitación, procedéndose á apertura das ofertas económicas (sobres B) co seguinte resultado:

1.- LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L., propón como prezo do contrato a cantidade de 51.200, euros anuais, IVE incluído.

Propón unhas melloras valoradas economicamente en 12.800,00 euros anuais, IVE incluído.

2.- HPC IBÉRICA, S.A., propón como prezo do contrato a cantidade de 63.574,96 euros, IVE incluído.

Propón unhas melloras valoradas economicamente na cantidade de 34.568 euros, IVE incluído.

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 14:00 horas, manifestando a Sra. Presidenta da Mesa que as ofertas presentadas pasarán a

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**  
MLA/cml  
Refª: 09MANTEMENTO XOGOS E ZONAS VERDES economica.doc  
Asunto: oferta economica

informe técnico do servizo de parque e xardíns do Excmo. Concello, con carácter previo á proposta de adxudicación.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

Asdo.: Sonia Méndez García

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz